



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS, PREPARACIÓN, REALIZACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DO PROCESO E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O POSTO DE PEÓN SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A TRAVÉS DO PROGRAMA PEL CONCELLOS 2024, CELEBRADA POLO TRIBUNAL SELECCIONADOR O VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Na Casa Consistorial do Concello de Monfero, ás dez horas e trinta minutos do día vinte e seis de abril de dous mil vinte e catro, reúnen-se os membros do Tribunal de Selección que se indican a continuación, para o efecto de proceder á valoración dos méritos alegados polos solicitantes.

Presidente: D.^a Ana Ocampo Pérez-Gorostiaga.
Vogais: D.^a Olga Anca Varela.
D.^a María Sanmartín Varela
D.^a Ruth Álvarez Grande
Secretario: D. Baldomero Beceiro Alonso

Seguidamente, declárase constituído o Tribunal cualificador de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria, das que os distintos membros son coñecedores.

Posteriormente, dáse conta da documentación que consta no expediente de convocatoria de selección e dos criterios e procedemento de selección dos candidatos acordados pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 06/03/2024, da documentación aportada polos candidatos e das Resolucións da Alcaldía números 117/2024 do 11-04-2024 e 131/2024 do 23/04/2024, de admisión dos mesmos e nomeamento de tribunal.

A continuación procédese á valoración dos méritos dos candidatos admitidos no proceso para o posto de Peón, obtendo o resultado que, a continuación, se indica:

Nome e apelidos	Experiencia profesional Máx 5 puntos Desde 2018	Cursos formación desde 2018 Máx 1 punto - De 25 ata 50: 0,25 - De 51 a 100: 0,5 -De mais de 100: 1 p	Programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral	TOTAL
JOSE LUIS GARCIA GARCIA	3,3	0	0	3,3
JUAN ANTONIO SANJURJO COUCEIRO	0,7	0	0	0,7

Seguidamente, o Tribunal acorda publicar inmediatamente os resultados nos taboleiros de anuncios físico e electrónico do Concello.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A continuación se procede á elaboración dos exames correspondentes a primeira proba na categoría de Peón. Non é necesario preparar proba de coñecemento da lingua galega dado que ambos candidatos achegan o Celga requirido.

O Tribunal determina o sistema a utilizar na realización e cualificación da proba para garantir o anonimato dos aspirantes.

Publicado o anuncio anterior, o candidato JUAN ANTONIO SANJURJO COUCEIRO, manifesta verbalmente a un membro do Tribunal o seu desacordo coa puntuación outorgada no apartado cursos de formación, alegando que presentou unha certificación de Formación teórica dun programa de Obradoiros de Emprego de Actividades de conservación e mellora Forestal, que o Tribunal non valorou. Informado de que non consta no rexistro de entrada esa documentación que di ter presentado, insiste en que aportou a citada documentación xunto coa súa solicitude de participación no proceso.

Informado o Tribunal, ante estas afirmacións, acorda solicitar da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada que revise os rexistros realizados na data da solicitude do candidato e informe sobre a documentación presentada.

Cando son as 11:00 horas procédese ao chamamento dos aspirantes presentados na categoría de Peón, que se identifican mediante a exhibición dos seus DNI, para a realización da primeira das probas, de carácter voluntario e non eliminatorio, e, a continuación se informa aos aspirantes sobre os acordos do tribunal anteriormente citados e sobre as instrucións para a realización da proba, que da comezo ás 11:21 horas.

Cando son as 11:33 horas remata a proba na categoría de Peón.

O Tribunal recibe o informe emitido pola funcionaria encargada do Rexistro, que se incorpora a esta acta, no que se da conta da existencia dun erro no anexo de documentos ao rexistro asignado á solicitude presentada polo candidato JUAN ANTONIO SANJURJO COUCEIRO, omitindo a anexión dos documentos escaneados correspondentes a cursos de formación. O Tribunal, revisada esa documentación, e antes de proceder á corrección da proba escrita, procede novamente á valoración dos méritos dos candidatos admitidos no proceso e acorda rectificar a valoración outorgada ao candidato JUAN ANTONIO SANJURJO COUCEIRO no apartado de Cursos de formación, obtendo, os candidatos, o resultado definitivo que, a continuación, se indica:

Nome e apelidos	Experiencia profesional Máx 5 puntos Desde 2018	Cursos formación desde 2018 Máx 1 punto - De 25 ata 50: 0,25 - De 51 a 100: 0,5 -De mais de 100: 1 p	Programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral	TOTAL
-----------------	--	---	---	--------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

JOSE LUIS GARCIA GARCIA	3,3	0	0	3,3
JUAN ANTONIO SANJURJO COUCEIRO	0,7	1	0	1,7

Seguidamente, o Tribunal acorda publicar inmediatamente os resultados nos taboleiros de anuncios físico e electrónico do Concello.

A continuación se procede á cualificación das follas coas respostas. Unha vez rematada a cualificación, á apertura dos sobres que conteñen as follas cos datos, identificando a quen corresponden as respostas cos códigos, cos resultados que se indican a continuación:

	CANDIDATO	POSTO	CUALIFICACIÓN PROBA
1	JOSE LUIS GARCIA GARCIA	PEÓN	6,75
2	JUAN ANTONIO SANJURJO COUCEIRO	PEÓN	8

O Tribunal, tendo en conta o anterior, acorda:

1.- Aprobar a listaxe de candidatos que se indica a continuación por orde da puntuación obtida

	CANDIDATO	POSTO	CUALIFICACIÓN TOTAL
1	JOSE LUIS GARCIA GARCIA	PEÓN	10,05
2	JUAN ANTONIO SANJURJO COUCEIRO	PEÓN	9,70

2.- Publicar estes acordos no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Monfero (sede.monfero.es), concedendo un prazo de dous días hábiles, desde a publicación, para a presentación de alegacións no Rexistro de Entrada do Concello de Monfero.

Se as houbera, o órgano de selección acordará o que proceda.

3.- No caso de que non se presenten reclamacións, elevar estes resultados a definitivos e propoñer á Alcaldía a contratación de D. JOSE LUIS GARCIA GARCIA para o posto de Peón.

En proba do cal, cando son ás trece horas e cincuenta minutos, asíñase a presente acta por todos os asistentes, no lugar e data indicados ao principio.